



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTE
SECCIÓN EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES

Exp :2019000014830

RESOLUCIÓN Nº 30191/2019 CON DATA 10/09/2019 POLA QUE SE CONCEDEN TRES PREMIOS Á EXCELENCIA NA DANZA CLÁSICA DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO ANO 2019

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial de A Coruña,

Á vista da proposta do tribunal nomeado por resolución nº 19834, do 07 de xuño de 2019, para a concesión das *Bolsas para estudos de danza e tres premios á excelencia na danza clásica do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña no ano 2019*, de conformidade coas bases da convocatoria publicada no BOP nº 103 do 3 de xuño de 2019, modificadas por resolución da Presidencia 2019/30130.

RESOLVO:

1.- Conceder tres premios á excelencia na danza clásica, polos importes que se indican, ás persoas seguintes:

Solicitantes	Importe total
Bello Arcay, Lucía	500,00
García Burgos, Marta	500,00
Seijo Chapela, Sara	500,00
Total	1500,00

2.- Dispor o gasto dos premios concedidos, por importe total de **1.500,00 €**, con cargo á partida 0650/3261/481, fase RC, operación nº 220190033816, do vixente Orzamento.

3.- Anular a economía existente no documento contable A, operación nº 220190021424 (expediente nº: 2019000015103), por importe de **34,17 €**.

4.- Aboar os premios nun único prazo, previa retención de 75,00 € (15% s/500,00€), en concepto de IRPF “Premios” para o seu ingreso no CNP 2007, clave F, subclave 01.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.